

RIBADEO 4 X 4

BASES

“Ribadeo 4x4” é un evento organizado polo Concello de Ribadeo en colaboración con A.C.I.S.A. Ribadeo no marco do SetembroXNatural. Este evento anda a procura de persoas aventureiras con gañas de gozar dos atractivos da nosa contorna natural. Aos participantes, propóñeselles un gran reto! Realizar 4 actividades da oferta de turismo activo de Ribadeo integrada no evento, en 4 días consecutivos -fin de semana incluído- dentro do mes de setembro. Para isto os participantes contarán cunha tarxeta persoal que terán que ir selando na medida que realicen actividades.

RECOMPENSAS

Os participantes que realicen o Gran Reto -obter 4 selos de actividades diferentes en 4 días consecutivos-, conseguirán activar a súa tarxeta converténdoa nunha “tarxeta moedeiro”. Esta será individual e intransferible por valor de 20€ para gastar en establecementos de hostalería asociados a A.C.I.S.A. Ribadeo.

As recompensas deberán disfrutarse o mesmo mes de setembro.

Olo! Os participantes deberán estar atentos xa que nesta edición dispoñemos dun límite de 50 tarxetas moedeiro!

Haberá tamén un “Gran premio” para aqueles SUPERAVENTUREIROS que cheguen a realizar 6 actividades en 4 días. Estes/as entrarán a formar parte dun sorteo dunha estancia en Ribadeo con aloxamento, almuerzo e unha comida para dúas persoas (fora da época estival) valorada en 200 € e en establecementos integrados en A.C.I.S.A Ribadeo, máis un set de produtos galegos.

Aqueles participantes que consigan realizar o gran reto pero non poidan activar a súa tarxeta (porque xa se esgotaron as 50 dispoñibles) entrarán a formar parte do sorteo dunha estancia en Ribadeo con aloxamento, almuerzo e unha comida para dúas persoas (fora da época estival) valorada en 200 € e en establecementos integrados en A.C.I.S.A Ribadeo. Para formar parte deste sorteo deberán depositar a súa tarxeta na urna que estará dispoñible na Oficina de Turismo de Ribadeo.

INSCRICIÓN

Os aventureiros/as interesados, poden participar nas actividades de xeito individual, en parella ou equipo, participando cada un coa súa propia tarxeta.

O Gran reto comezará unha vez que o aventureiro/ra recolla nas dependencias habilitadas (Oficina de Turismo de Ribadeo e Oficina de ACISA) a súa tarxeta e outro material informativo. No mesmo indicaránse as empresas, entidades e asociacións colaboradoras e as actividades que ofertan.

Solicita xa a túa tarxeta!

† INFO:

Sección “MOMENTOS” da web
turismo.ribadeo.gal

Turismo Ribadeo 982 128 689

ACISA Ribadeo 982 120 565

Concello de
Ribadeo

 **ACISA
RIBADEO**

REQUISITOS

- Ser maiores de 18 anos ou menores acompañados dun pai/nai/titor.
- Ser maior de 3 anos para ser titular dunha tarxeta.
- Ser respectuosos co medioambiente

ACTIVACIÓN DAS TARXETAS

Obtención:

A tarxeta recollerase nas Oficinas de turismo de Ribadeo (Dionisio Gamallo Fierros 7) e na sede de A.C.I.S.A. Ribadeo (San Roque 57 baixo). Unha vez recollida, os participantes deberán comezar a recopiar os seus selos. Estes serán postos, xunto coa data de realización, polas empresas colaboradoras unha vez realizada a actividade. Olo! Aquelas persoas que pernoiten nalgún establecemento regrado de Ribadeo, poderán canxear un deses selos polo do aloxamento.

Unha vez conseguidos como mínimo os 4 selos, a tarxeta activarase inmediatamente, converténdose nunha "tarxeta moedeiro". Olo! lembrade que só se converterán en tarxetas monedeiro, as 50 primeiras!!

A tarxeta moedeiro poderá ser utilizada en calquera establecemento hostaleiro asociado a ACISA e para calquera tipo de consumición. Os 20 € que contén a tarxeta deben ser gastados nun establecemento único e os sobrecustos derivados dun consumo maior, correrán a cargo do participante.

OBRIGAS

- Os aventureiros/ras deberán competir nobremente
- Respectar todas as indicacións dos monitores de cada actividade, e membros de cada organización
- Os desprazamentos correrán a cargo dos participantes

RECORDA:

- O gran aventureiro comparte as súas experiencias! Sube e comparte nas redes as aventuras vividas cos hashtags #Ribadeo4x4 #SetembroXNatural
- O noso gran aventureiro/ra 4x4, observa, goza e participa activamente da natureza, conservándoa e cuidándoa con agrimo.

CONFORMIDADE

- A participación neste Gran reto, supón a plena aceptación das presentes bases.

[CONSECUTIVOS] [FACILIDADES]
[50 PREMIOS] [50 PREMIOS]
[SEGUROS] [SEGUROS]

Solicita xa a túa tarxeta!

† INFO:

Sección "MOMENTOS" da web
turismo.ribadeo.gal

Turismo Ribadeo 982 128 689

ACISA Ribadeo 982 120 565

Concello de
Ribadeo

 **ACISA**
RIBADEO